



O alumnado do CPI de Vedra visita a exposición "As caras dos libros"

AS CARAS DOS LIBROS

OS DESEÑOS
DAS PORTADAS
NA OBRA DE
CARLOS CASARES

EXPOSICIÓN

do 5 ao 12 de maio
na Biblioteca Municipal de Vedra

Horario: de 16:00 a 19:00 h. (de luns a venres)

INAUGURACIÓN, venres 5 de maio ás 20:30 h.

 Concello
de Vedra

A Biblioteca Municipal de Vedra acolle dende o venres 5 de maio a exposición "As caras dos libros. Os deseños das portadas nas obras de Carlos Casares".

Esta exposición, cedida temporalmente pola Asociación Cultural Rocha Forte de Santiago de Compostela, pódese ver esta semana no referido espazo.

Con ocasión da celebración da Semana das Letras Galegas, o alumnado de 1.º e 2.º de ESO visitou a Biblioteca Municipal e realizou diversas tarefas nunha guía de traballo deseñada para tal actuación.

O EDLG do CPI de Vedra informou da presenza desta exposición e animou a visitala co ánimo de dar a coñecer dende outra perspectiva a obra publicada do persoeiro a quen se honra nas Letras Galegas 2017.

Xulia Marqués

Profesora de Lingua Galega e coordinadora do EDLG